



Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro de SumaRibeira diríxese ao Alcalde e Corporación Municipal para que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno municipal a Proposición seguinte:

Dinamización de Pacientes no Hospital da Barbanza

Exposición de Motivos

Esta pandemia do COVID 19 que vimos padecendo dende comezos do 2020 puxo enriba da mesa para a poboación xeral a dura realidade que viven moitos pacientes ingresados por tempos prolongados nun hospital.

Os profesionais da saúde que traballan en centros hospitalarios coñecen dende hai moito tempo os efectos adversos que a hospitalización produce sobre o estado emocional dos pacientes internados: cambios de ánimo, ansiedade, apatía, sensación de inseguridade e nalgúns casos estados de axitación e incluso psicoses ou estados de confusión mental que, por sorte soen ser pasaxeiras, son algúns deses efectos que se poden producir. Esta alteración do estado emocional pode alterar a evolución da recuperación dos doentes, retrasando ou dificultando a mesma.

Estudios realizados polos propios hospitais, universidades ou sociedades científicas en distintos países coinciden en destacar as consecuencias negativas que os ingresos hospitalarios poden producir sobre as persoas, incluso naqueles casos nos que o seu estado xeral é adecuado. Estes efectos poden producirse a calquera idade, aínda que son máis frecuentes na infancia e en pacientes de idades avanzadas.

Moitos son os factores que contribúen a que teñan lugar estes efectos sobre as persoas. Algúns deles teñen que ver coas características individuais como o propio carácter, ou os estados emocionais previos, a situación persoal, familiar ou laboral e outros problemas que poden estar a preocupar a esa persoa. Outros son factores desencadeados pola propia situación de perda de saúde, que xa de por si xera ansiedade, como o medo á enfermidade e ao sufrimento que poda producirlle a realización de probas, a padecer dor, a incerteza ante o diagnóstico ou a incerteza ante o tempo que permanecerá ingresada.

Tamén interveñen factores derivados do propio ambiente hospitalario como a perda de intimidade, a alteración dos ciclos de sono, a iluminación e actividade permanente que espertan ás pacientes durante a noite e poden contribuír a unha desorientación temporal, o deseño neutro e con poucos estímulos das habitacións, a realización de probas ou o uso de dispositivos sanitarios que poden resultar abafantes.

Ademais hai que ter en conta o abandono do entorno social, da actividade habitual tanto laboral como de ocio, a imposibilidade de saír do centro e mesmo da habitación. A persoa hospitalizada pode estar horas soa ou cunha compañeira de cuarto pouco



comunicativa nunha habitación con paredes brancas e cun mobiliario institucional pouco agradable, sen ninguén con quen falar ou interactuar. En ocasións o único son pode ser o dunha televisión acesa.

A diminución do contexto hostil que supoñen os hospitais para os doentes e acompañantes non parece compatible coa política que dende hai anos ven aplicando a Xunta de Galicia nos centros sanitarios públicos, consistente en cobrar pola utilización da televisión nos cuartos dos pacientes, e aínda máis se temos en conta que o custo da mesma é bastante elevado e moita xente non pode pagalo. Xa no ano 2020 a Xunta deu orde de proporcionar televisión gratuíta en todos os seus hospitais, dada a restrición de acompañantes dos pacientes, recoñecendo tacitamente o beneficio que pode ter dispoñer dalgunha forma de entretemento. Porén, esas instrucións ou ben non se seguiron en todos os hospitais da rede pública ou ben foron anuladas na medida en que se foron normalizando os acompañamentos.

Pensamos que se debe prestar especial atención as vantaxes específicas do uso da televisión polas persoas cunha menor capacidade de utilización de novas tecnoloxías, entre as que se encontran altas porcentaxes de persoas de idade avanzada, que son precisamente as máis vulnerables fronte os efectos prexudiciais da hospitalización. Se ben e certo que moitas veces a televisión dun paciente pode ser molesta para quen está compartindo o cuarto, tamén o é que este efecto pode ser minimizado coas pantallas individuais e co uso de auriculares.

Por todo isto **solicitamos a adopción dos seguintes acordos:**

- 1.- Que o Concello de Ribeira inste á Xunta de Galicia a que proporcione televisión gratuíta a todos os pacientes ingresados no Hospital do Barbanza.
- 2.- Que sexan dadas instrucións aos responsables da Biblioteca Municipal de Ribeira cara á preparación de programas de achegamento de recursos culturais ás persoas que se atopen internados no hospital.
- 3.- Que o Concello de Ribeira faga as xestións oportunas coa Xerencia do Hospital de Barbanza e os concellos da bisbarra para a implementación permanente destes programas de dinamización cultural, e de entretemento en xeral, para os pacientes.



4.- Instar á Xunta de Galicia á programación e potenciación de programas de entretemento e dinamización integral das pacientes nos hospitais, con especial atención as persoas que potencialmente presentan maior risco de vulnerabilidade.

Asinado: Xurxo Ferrón Vidán

Concelleiro de SUMA RIBEIRA

En Ribeira, a 15 de Maio de 2022.